

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP01	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0273	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	53

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	BEGOÑA LAGE FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA, forma parte do currículo de todos os ciclos formativos que integran a formación profesional regrada; así, todos os alumnos que pretenden converterse en futuros profesionais van a recibir a formación necesaria para inserirse laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector que elixan.

O currículo do módulo baséase no Deseño Curricular Base (DCB), establecido por decreto da Consellería de Educación. Os DCBs constitúen, polo tanto, a fonte normativa na que os profesores debemos inspirarnos á hora de elaborar as nosas programacións de aula para cada módulo. Por outra banda, cómpre lembrar que os DCBs apróbanse en Galicia a partir do establecido con carácter xeral no Deseño Base de cada Título (DBT), establecido por Real Decreto do Ministerio de Educación e con vixencia en toda España.

O currículo do módulo é común en todos os ciclos de FP Regrada, con independencia das cualificacións profesionais que se poidan adquirir coa obtención de cada título, e esta circunstancia posibilita a súa validación académica cando un alumno superou este módulo noutro ciclo formativo, xa sexa de grao medio ou superior; isto supón unha importante novidade no deseño curricular establecido pola LOE para este módulo.

### OBXECTIVOS XERAIS

Tal e como recolle a LOE no capítulo I adicado aos principios da educación, o sistema educativo debe orientarse ao pleno desenvolvemento das capacidades do alumnado así como capacitar ao mesmo para o exercicio das actividades profesionais. Entre os obxectivos establecidos por esta lei para a FP (artigo 40), cómpre destacar aqueles que teñen unha relación directa co módulo de EIE, que son os seguintes:

- Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente, así como os mecanismos de inserción profesional, así como a lexislación laboral e os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais que nun futuro terán.
- Desenvolver unha identidade profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións a evolución dos procesos produtivos e ao cambio social
- Afianzar o espírito emprendedor para o desenvolvemento de actividades e iniciativas empresariais.

Segundo a lexislación educativa galega, conforme ao artigo 13º do Decreto 114/2010, o módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora:

- Inclúirá formación no coñecemento do respectivo sector produtivo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Estará dirixido a fomentar a iniciativa emprendedora, a innovación e a creatividade na empresa.
- Inclúira, ademais, formación sobre a creación e a selección da forma xurídica e da xestión administrativa e financeira de empresas, o autoemprego, e a asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta propia, para facilitar o acceso ao emprego e a reinserción laboral

### RESULTADOS DE APRENDIZAXE (RA):

Tomando como referencia o DCP do módulo, enuméranse os obxectivos didácticos que con carácter xeral se pretenden acadar con cada módulo profesional. Estes obxectivos nos DCBs dos ciclos formativos de FP exprésanse en termos de Resultados de Aprendizaxe (RA) e enténdense como as competencias que debe adquirir o alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe que lles ha de permitir desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

#### Resultados de Aprendizaxe

- RA 1 Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a él e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.
- RA.2 Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.
- RA.3 Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.
- RA.4 Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena empresa ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.



Atendendo aos obxectivos, que establece a lexislación educativa, basicamente a LOE, galega e os DCBs dos ciclos formativos, sinálanse os obxectivos específicos do módulo para cada unidade didáctica no correspondente apartado desta programación

#### ORIENTACIÓN PEDAGÓXICAS

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información sobre as empresas do sector produtivo, incluíndo a análise dos procesos de innovación sectorial en marcha.
- Realización de casos e dinámicas de grupos que permitan comprender e valorar as actitudes das persoas emprendedoras e axustar a súa necesidade ao sector.
- Utilización de programas de xestión administrativa e financeira para pequenas e medianas empresas do sector.
- A realización dun proxecto empresarial relacionado coa actividade, composto por un plan de empresa e un plan financeiro e que inclúa todas as facetas de posta en marcha dun negocio.
- O plan de empresa incluírá: maduración da idea de negocio, localización, organización da produción e dos recursos, xustificación da súa responsabilidade social, plan de márketing, elección da forma xurídica, trámites administrativos e axudas e subvencións.
- O plan financeiro ha incluír o plan de tesourería, a conta de resultados provisional, e o balance provisional, así como a análise da súa viabilidade económica e financeira.
- O proxecto empresarial irase realizando conforme se desenvolvan os contidos relacionados nos resultados de aprendizaxe.
- Para o desenvolvemento do módulo esixírase a disposición de medios informáticos con conexión a internet e polo menos que dúas sesións de traballo sexan consecutivas.



**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O Emprendedor e o mercado.	A persoa emprendedora, a idea de negocio. O mercado: Tipos, segmentación, localización do proxecto empresarial.	8	15
2	Entorno empresarial e marketing.	A empresa: contorno, cultura e responsabilidade social. O Márketing: ferramentas: Produto, prezo, promoción e distribución. Atención ao cliente.	9	15
3	Constitución e Organización da empresa. Recursos Humanos e Plan de produción.	Trámites de Constitución e formas xurídicas. Organización da empresa: Departamentos ou áreas. Necesidades de persoal e custos laborais. Plan de produción e aprovisionamento.	14	20
4	Plans de inversión e financiamento. Análise contable e financeira.	Fontes de financiamento propio e alleo. Axudas e subvencións públicas. A Contabilidade: balance de situación, conta de resultados, plan de tesourería e análise de balances.	12	15
5	Xestión administrativa, fiscal e contable.	Proceso e documentos de compra-venda e pago. Os tributos que afectan a empresa. Libros contables obrigatorios.	6	15
6	O Plan de empresa.	Presentación e explicación do Plan de Empresa.	4	20

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O Emprendedor e o mercado.	8

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da confección.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negociación no ámbito da confección á medida, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA3.1 Analízase o concepto de persoa empresarial, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de confección (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector da confección.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
A persoa empresarial. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Entorno empresarial e marketing.	9

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	SI
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identifícanse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de confección en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa confección e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identifícanse, en empresas de confección, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de confección, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da confección.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de confección: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de confección: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

Contidos
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Constitución e Organización da empresa. Recursos Humanos e Plan de produción.	14

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.11 Descríbense as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de confección, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identifícanse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresario.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Plans de inversión e financiamento. Análise contable e financeira.	12

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de confección tendo en conta a súa localización.
CA4.2 Descríbíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de confección.
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da confección.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Xestión administrativa, fiscal e contable.	6

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.7 Identifícanse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas coa confección, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais).
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de confección: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O Plan de empresa.	4

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negociación no ámbito da confección á medida, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da confección.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de marketing.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS EXIXIBLES

Os mínimos exixibles para acadar a avaliación positiva son os establecidos como tales en cada UD, e para obter unha avaliación positiva no módulo será imprescindible obter alomenos un 50% da nota establecida para cada un dos criterios de avaliación que se sinalan como mínimos. Para poder superar o módulo de EIE será necesario superar cada unha das unidades didácticas que as conforman. Con carácter xeral, considerarase que un alumno acada os resultados de aprendizaxe do módulo profesional Empresa e Iniciativa Emprendedora e, en consecuencia, está en condicións de aprobar o mesmo, cando cumpra os seguintes requisitos:

- 1º) Aprobar todas as probas obxectivas ou exames previstos para cada unha das unidades didácticas programadas.
- 2º) Elaborar satisfactoriamente o traballo Proxecto Empresarial, en que se recollen os contidos desenvolvidos durante o curso, aplicados á creación e posta en marcha dunha pequena empresa.

Instrumentos:

-Probas obxectivas de coñecementos: que consistirán na contestación por escrito dunha serie de preguntas a desenvolver, de resposta curta ou tipo test relacionadas cos distintos conceptos explicados en cada unidade didáctica, preguntas tipo test e a realización de un ou máis supostos prácticos do mesmo tipo dos realizados durante as sesións de clase.

-Taboa de observación para, elaboración dun proxecto empresarial (Plan de empresa).

Os alumnos deberán elaborar durante o curso un Proxecto Empresarial, ou plan de creación dunha pequena empresa.

Para a avaliación dos coñecementos acadados por cada alumno/a no módulo utilizaranse:

-EXAME/PROBA ESCRITA: máximo do 70%. Realizarase, polo menos, unha proba escrita por avaliación, que tratará sobre contidos referentes a ese período que incluíra preguntas a desenvolver, de resposta curta ou tipo test( podendo puntuar negativamente en caso de erro), e/ ou exercicios e casos prácticos. Será preciso acadar unha avaliación positiva no exame para poder superar o módulo. En cada exame figurará especificada a valoración das diferentes partes.

En caso de realizar máis dun exame por avaliación, para obter a calificación neste apartado farase un cálculo coa nota media acadada en cada proba, sempre que se alcance unha cualificación de 4 puntos, e a media entre eles acade un 5, se soamente existise unha proba escrita na avaliación, o alumno debe acadar 5 sobre 10 nesa proba, no caso contrario o alumno ou alumna deberá repetir a proba.

Para a puntuación definitiva de cada avaliación procederase de maneira que se o primeiro decimal é igual ou superior a 5, pasarase ao número enteiro superior, sempre que se acade un mínimo de 4 puntos en cada proba.

- Elaborar satisfactoriamente o traballo Proxecto Empresarial, PLAN DE EMPRESA: 30%. O devandito traballo constará de diversos apartados en que se desenvolverán os contidos das unidades didácticas. O traballo poderá ser realizado individualmente ou en grupos de tres ou catro alumnos.

### 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Este plan de empresa será elaborado en paralelo ao tratamento dos contidos de cada unidade. Os instrumentos de avaliación faranse mediante unha taboa de observacións ou unha lista de cotexo que o alumno coñecerá previamente. Estes instrumentos terán unha nota de 0 a 10 sendo o 0 o mínimo e o 10 o máximo. Cando haxa varios instrumentos de avaliación farase unha media aritmética entre eles.

As actividades do plan de empresa deberán ser presentadas nos prazos establecidos. Este plan de empresa será elaborado en paralelo ao

tratamento dos contidos de cada unidade.

Ao termo de cada avaliación, entregarase unha parte do traballo, correspondente ás materias impartidas na mesma.

A entrega do traballo a final de curso e a súa adecuación aos obxectivos fixados para o mesmo, considéranse requisito imprescindible para poder aprobar o módulo.

Será preciso acadar unha avaliación positiva no plan de empresa para poder superar o módulo.

A porcentaxe conseguida no apartado do proxecto empresarial sumárase ao apartado probas sempre que se superen as probas escritas establecidas para ese fin. Unha vez obtidas as cualificacións de cada avaliación, poderanse recuperar aquelas correspondentes ao apartado de exame exclusivamente mediante unha nova proba de exame, que terá a finalidade de sumarse ás cualificacións desta natureza, como unha proba máis, seguindo as ponderacións xa indicadas.

A cualificación das avaliacións farase coa nota obtida da aplicación dos instrumentos de avaliación para as unidades desenvolvidas nesa avaliación.

Tanto nas convocatorias ordinarias coma extraordinarias serán obxecto de avaliación todos os contidos tratados durante o curso.

Si durante a realización dunha proba algún alumno realizará calquera acto de copia, suplantación o cambio de proba obterá na avaliación unha puntuación de 1.

O alumno ou alumna terá dereito a recuperación do mesmo que terá lugar a final de curso.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Os exames ponderarán un 70% na nota de cada avaliación.

Para aprobar a avaliación é necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos sobre 10.

O 30% restante corresponderá ao Plan de empresa e ás habilidades e destrezas demostradas nas diferentes actividades realizadas.

\_ É imprescindible a entrega do plan de empresa para superar o módulo.

\_ En ningún caso se aprobará o módulo sen ter realizado e calificado positivamente os exames.

\_ O plan de empresa elaborado polo alumno debe conter todos os apartados solicitados pola docente.

\_ A presentación do plan de empresa debe de estar coidada e ordenada.

\_ No exame, as respostas ilexibles non serán puntuadas.

\_ En ningún caso o feito de aprobar calquera das avaliacións parciais suporá o aprobado das demais.

\_ Cando se teña o coñecemento de que o/a alumno/a copiou o exame, ou ben se dubide da orixinalidade do plan de empresa deste/a, ou ben un alumno non poida demostrar que é que fixo o plan de empresa, suspenderá dita proba e terá que presentarse ó exame final de recuperación, así como a presentación dun plan de empresa propio.

Para poder aprobar o módulo é preciso sacar, como mínimo, un 5 sobre 10 tanto nos exames teórico/prácticos como na elaboración das actividades e nas fases do plan de empresa correspondentes a cada avaliación.

#### A CUALIFICACIÓN FINAL:

No suposto que todas elas estean aprobadas (nota de cada avaliación igual ou superior a 5 sobre 10) a nota final do módulo será a media

ponderada das notas correspondentes avaliacións, en función do peso das unidades didácticas que formaron parte de cada avaliación.

Dito peso será o seguinte:

UD 1: O Emprendedor e o mercado: 15%

UD 2: Entorno empresarial e marketing: 15%

UD 3: Constitución e organización da Empresa. Recursos Humanos e Plan de produción: 20%

UD 4: Plans de inversión e financiamento. Análise contable e financeira: 15%

UD 5: Xestión administrativa, fiscal e contable: 15%

UD 6: O Plan de Empresa: 20%

O alumno que non asista de forma xustificada a unha ou a varias probas na data da súa realización, non terá dereito a recuperalas en data distinta.

Motivos para repetir un exame:

-Hospitalización do interesado.

-Falecemento ou hospitalización dalgún familiar de 1º ou 2º grao.

-Asistencia a consulta de médico especialista que non poida ser cambiada.

-Outras causas de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciadas pola profesora: enfermidade, accidente, baixa laboral...

Todos estes motivos deberán estar documentalmente xustificados e o exame repetirase sempre que o alumnado se reincorpore dunha data previa á celebración da avaliación correspondente. Con independencia do dito, o alumnado poderase presentar á recuperación da avaliación trimestral.

As persoas que durante a celebración dun exame sexan sorprendidas utilizando calquera medio fraudulento para copiar serán cualificadas na avaliación correspondente como suspensas, e deberán examinarse desa parte no exame final de xuño.

Aquelas persoas que cheguen tarde á realización dunha proba sen motivo xustificado non terán dereito a facela, tendo a posibilidade de presentarse á recuperación trimestral correspondente. En caso de ter un motivo xustificado poderase presentar sempre e cando, non tivese abandoado a aula ningún dos estudantes presentados á proba.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

#### ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN:

No caso de que un alumno/a non supere unha avaliación, isto é, se non acadase a nota de 5 aplicando os criterios antes mencionados, deberá acudir ao exame de recuperación que se realizará o final do módulo antes do inicio da FCT.

As actividades de recuperación que poderán consistir en:

-Repetición de determinadas actividades, cando se observe que na súa realización o alumno non adicou o suficiente tempo ou esforzo, así como a realización de traballos e exercicios sobre aqueles aspectos de corte máis prácticos nos que se detectaran maiores deficiencias.

-Realización dunha proba escrita e/ou oral de recuperación. A proba escrita estará indicada para os aspectos máis teóricos do módulo e a proba oral para aqueles aspectos de corte máis práctico.

As probas de recuperación puntuaranse de 0 a 10 puntos, e considerarase que o alumno/a recuperou cando acade unha cualificación mínima de 5 puntos.

No caso de que o alumno non conseguira todas as capacidades terminais do módulo, éste realizará a recuperación no período da FCT, para isto a profesora emitirá un informe individualizado que será entregado polo tutor xunto co boletín de cualificacións, en dito informe especificaránse as actividades a realizar e o xeito de recuperalas.

Ditas probas poderán consistir na realización dun examen escrito que conste de dúas partes: teórica e práctica, a nota desta proba será a media entre elas, para este cálculo é preciso que en cada unha se acaden unha nota mínima de 5 puntos.

Tamén poderase esixir a entrega dun plan de empresa (de xeito individual no caso de que durante o curso este fose colectivo )

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

ALUMNOS CON PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA.

Os alumnos que superen a porcentaxe de faltas á clase, legalmente establecida, perderán o dereito á avaliación continua. Isto é, cando supere o 10 % de faltas de asistencia, que no módulo de EIE, equivale a 6 horas.

En tal sentido, o alumno que perda o dereito á avaliación continua deberá entregar o plan de empresa así como realizar un exame final.

Os instrumentos que se empregarán para avaliar a estes alumnos son:

-Plan de empresa (30% da cualificación) : O alumno deberá entregar de maneira obrigatoria para a superación do módulo, un plan de empresa cos mesmos requisitos que para o resto do alumnado.

- Exame ou Proba escrita (70% da cualificación): Consistirá en diversas preguntas de toda a materia. A proba denominarase Proba Final Extraordinaria e indicarse oportunamente. Terá unha parte teórica e unha parte práctica. Cada pregunta se valorará segundo a puntuación indicada na proba.

A puntuación farase na escala de 0 a 10. e non indicarse nada, todas as preguntas terán a mesma puntuación.

Para a cualificación positiva na proba de avaliación extraordinaria, e poder aplicar a porcentaxe correspondente do proxecto, o alumno debe obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada partes (tanto na proba escrita como no plan).

Os criterios de avaliación neste caso son:

-Os establecidos para cada unha das actividades das unidades didácticas.

PROBAS FINAIS EXTRAORDINARIAS (ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR):

Previo ás datas de avaliación sinaladas pola Xefatura de Estudos, realizaranse as probas finais extraordinarias que consistirán no desenvolvemento de preguntas teóricas longas e curtas, de resposta múltiple, verdadeiro/falso e resolución de casos prácticos, confección de documentos.

Se valorarán na escala de 0 a 10 e deberá obterse un mínimo dun 5 para superar o módulo.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

#### 7.1 PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN:

A Programación, como guía que se vai seguir no proceso de ensino aprendizaxe durante cada curso académico, e como garantía para o alumnado, debe ser cumprida integramente. Sen embargo, como elemento vivo que é, estará sometida a adaptacións en tempo e contidos, que darán lugar a correccións a introducir en futuros cursos, para que cumpra mellor a súa función. O seguimento levarase a cabo na aplicación informática destinada a tal fin.

En torno ao 20% do tempo asignado a cada Unidade Didáctica dedicárase a Avaliación, Recuperación, Actividades Comlementarias ou Extraescolares, para facilitar a superación do módulo.

A través da aplicación informática levarase a cabo o seguimento semanal da programación, comprobando si os contidos e as tarefas propostas se están cumprindo segundo a previsión establecida. No caso de establecer modificacións, estas serán recollidas e posteriormente incorporadas á Memoria de Fin de Curso. Estas modificacións non deben ter a súa orixe só nos criterios do docente senón que este deberá considerar outros elementos á marxe da propia experimentación, facilitando a participación ao alumnado, para que exprese o seu grao de satisfacción co sistema seguido para acadar os obxectivos establecidos.

#### 7.2 AVALIACIÓN DA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE:

Algúns dos aspectos que o profesor deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:

- Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.
- Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado
- Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polo profesor
- Planificación das tarefas: distribución e dotación de medios e tempos
- Ambiente de traballo, relación entre os alumnos, e entre alumnado e o profesor.
- TICs: uso e manexo por parte do alumnado e do profesor.
- Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos
- Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados

Algúns instrumentos para avaliar a práctica docente son:

- Cuestionarios anónimos
- Informes dos traballos en equipo.
- Notas recollidas na realización de tarefas.
- Entrevistas con alumnado e profesorado.
- Debates.
- Resultados do proceso de aprendizaxe nas avaliacións trimestrais e na final.

### 8. Medidas de atención á diversidade

#### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Deben distinguirse tres momentos clave no proceso de avaliación do alumnado:

1. Avaliación inicial, que se realiza ao comezo do curso e ao inicio de cada unidade didáctica.
2. Avaliación formativa ou continua, a levar a cabo ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe.
3. Avaliación final, realizada ao final do curso; será o resultado da suma das valoracións parciais levadas a cabo durante a avaliación continua.



### AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial ten como obxectivo identificar os coñecementos, destrezas e competencias previas coas que conta o alumnado antes de comezar a traballar os contidos do módulo. Consideraranse os estudos previos, a experiencia profesional e as vivencias en relación aos contidos de cada Unidade.

Procedementos para a realización da avaliación inicial:

Ao comezo do curso, a través da ficha persoal do alumno/a, realizarase unha valoración sobre os datos académicos e profesionais que facilite ao profesor.

Nas reunións de tutoría analizarase a situación persoal de cada alumno/a, para coordinarse co departamento de Orientación, en caso de detectar alumnos con necesidades educativas especiais, e determinar as accións correctoras ou de apoio a levar a cabo.

En cada Unidade Didáctica procurarase facer unha sondaxe inicial para saber o nivel de coñecementos do alumnado respecto da materia a impartir, téndoo en conta para adecuar os métodos, medios didácticos e o tempo a empregar.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Esta proposta didáctica ten en conta o principio de "deseño para todos". Para tal efecto, recolle as medidas necesarias para que cada alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo. Adotaranse medidas de reforzo e apoio, procurando que estas non afecten significativamente á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais según establece o decreto 114/2010.

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e ven expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, intereses persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe racial ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os aspectos metodolóxicos ás singularidades do alumnado.

Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, coa colaboración do departamento de orientación, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas.

Tomando en consideración o establecido pola LOE e polo Decreto 114/2010 respecto á atención á diversidade, cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

- Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en soporte informático; permitirles realizar exercicios, supostos e exames co em-prego do ordenador e ferramentas informáticas.
- Agrupamentos: á hora de traballar en equipo, estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si
- Adaptacións curriculares non significativas para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo.
- Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade sociolaboral.

- Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do alumno en clase; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A LOE contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, responsabilidade, cidadanía democrática, solidariedade, tolerancia, igualdade, respecto e xustiza, que constitúen a base da vida en común.

Simultaneamente ao desenvolvemento de cada Unidade didáctica iremos destacando e traballando cada un dos valores.

A proposta da Dirección do CIFP desenvolveranse actividades para celebrar as conmemoracións establecidas no Calendario Escolar. Prestando especial atención ao 1º de Maio, Día do Consumidor, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.

Exemplos de valores a transmitir:

- Día do emprendedor, prestarase atención á celebración de actos na localidade organizados por entidades empresariais, cámara de Comercio, Asociacións de emprendedores, etc, para fomentar o encontro con persoas dedicadas ao mundo empresarial, que poidan transmitir a súa experiencia.
- Educación ambiental: Desenvolvemento empresarial respectuoso co medio sensibilizando ao alumnado sobre a importancia de empregar sistemas produtivos e materiais inocuos en aras dunha maior seguridade e calidade de vida.
- Educación para a Saúde, presente en todos os ámbitos da vida: fabricar produtos sans, importancia dunha dieta san e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados. tabaquismo, etc.
- Igualdade de oportunidades / Rexistamento do Sexismo / Multiculturalidade: fomentar unha posición actitudinal axeitada, ao longo de todo o curso, transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc e apreciar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso valorarase, atendendo as necesidades dos grupos e o desenvolvemento do curso, a posible realización e/ou participación en:

- Charlas e xornadas sobre emprendemento organizadas por diferentes institucións como o IGAPE ou a Cámara de Comercio, en colaboración co departamento de orientación e información profesional.
- Participación do alumnado nos programas e concursos dirixidos ós alumnos de ciclos superiores que se convoquen durante o curso, como o programa IDEA dentro do Plan Eduemprende (consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria) e o programa COOPERATIVIZATE (consellería de Traballo e Benestar). A participación nestas actividades dependerá da súa convocatoria e do interese dos alumnos.
- Actividade de coñecemento dos recursos ofertados no centro dentro do Plan Eduemprende.

## 10.Outros apartados



### 10.1) Acceso do alumnado a programación.

Ao longo da primeira semana de clases a profesora explicará a programación do módulo, que estará disposición do alumnado na aula virtual.

Unha vez explicada a programación tamén se informará ó alumnado das seguintes cuestións:

- . Cómo se vai desenrolar o proceso de ensino e aprendizaxe.
- . As normas no módulo.
- . Asistencia e puntualidade. Explicaráselle como se procederá no caso de que algún alumno/alumna perda o dereito de avaliación continua no módulo de EIE.
- . Uso do material
- . Material que cada alumno/a debe levar obrigatoriamente ás distintas actividades de aula previstas.
- . Material didáctico. O alumnado debe contar co libro da editorial TULIBRODEFP e deberá darse de alta na aula virtual do centro, onde a profesora aloxará os distintos materiais cos que se traballará na aula e explicará detalladamente o funcionamento desta."

### 10.2) Libro de texto recomendado

Acórdase para para este módulo utilizar o libro de texto de Empresa e Iniciativa Emprendedora da editorial TulibrodeFP.

### 10.3) Aula Virtual

Empregarase a aula virtual do centro para manter o contacto profesor-alumno o longo do curso.

Na aula virtual subiranse materias, e tarefas que o alumno deberá resolver.

Tamén será a canle a través da cal entregará o Plan de empresa.